

1. Tipos de texto:

- **Actas (156)**

2. O tecido da lingua:

- **Cohesión: repetición, substitución e deíxe (102)**
- **Puntuación (132/158)**
- **Conectores textuais (186/216)**

3. A lingua por dentro:

- **Preposicións e adverbios (222)**
- **Conxuncións (248)**

4. Letras e signos:

- **Acentuación (142/170/196)**

- **Maiúsculas e minúsculas (250)**

5. Literatura:

- **Rexurdimento (164/118)**
- **Rosalía de Castro (120)**
- **Manuel Curros Enríquez (148)**
- **Eduardo Pondal (176)**

6. Lingua e sociedade:

- **Linguas en contacto: prexuízos lingüístico (136) alternancia de códigos (246)**
- **A normalización lingüística (190)**
- **Variación social e situacional (220)**

1. Tipos de texto:

- **Actas e regulamentos (156)**

1.a. Que é unha acta? Que partes ten e que información debe recoller cada unha destas partes?

1.b. Que é un regulamento?

2. O tecido da lingua:

- **Cohesión: repetición, substitución e deíxe (102) (✓)**

2.a. Que é un texto ben cohexionado?

É un texto no que as palabras, as oracións e os parágrafos están ligados (desde o punto de vista gramatical (concordancias) e léxico-semántico (significados) dun xeito claro e lóxico.

2.b. Cales son os principais mecanismos de cohesión?

A repetición de palabras, a substitución, a deíxe, a puntuación e os conectores.

2.c. Como podemos substituír as palabras dun texto?

Podemos substituílas por sinónimos, hiperónimos, pronomes, adverbios ou expresións equivalentes no contexto. Tamén podemos substituílas por nada, é dicir eliminalas sempre que poidamos recuperar a información polo contexto (elipse).

2.d. Que é a deíxe? De que tipos pode ser?

Deíxe refírese á propiedade da lingua de indicar, de sinalar no momento da comunicación as persoas que participan nela ou o espazo e o tempo onde e cando ten lugar. Esta referencia pode ser a elementos que están fora do texto ou dentro do texto. A deíxe de persoa realízase por medio de

pronomes, posesivos e a variación persoal dos verbos; a de espazo, por medio de adverbios e demostrativos e a de tempo, por medio de adverbios e a información temporal das formas verbais.

Exercicios 1 e 2 da páxina 103.

- **Puntuación (132/158) (✓)**

Exercicios 1, 2 e 3 da páxina 133 // exercicios 1, 2 e 3 da páxina 159.

- **Conectores textuais (186/216)**

2.e. Que tipos de nexos ou conectores textuais hai? E que subtipos?

Exercicios 2 e 3 da páxina 187 // exercicios 1 e 3 da páxina 216/217.

3. A lingua por dentro:

- **Preposicións e adverbios (222)**

3.a. Que é unha preposición? E unha locución prepositiva?

3.b. Que é un adverbio? Como os clasificamos?

Exercicios 1, 2, 4, 5 e 6 da páxina 223

- **Conxuncións (248)**

3.c. Que é unha conxunción? E unha locución conxuntiva? Como as clasificamos?

Exercicios 1 e 2 da páxina 249

4. Letras e signos:

- **Acentuación (142/170/196)**

Exercicios 1, 2, 3 e 4 da páxina 142 // exercicios 1, 2, 3 e 4 da páxina 171// exercicios 1, 3 e 4 da páxina 197

- **Maiúsculas e minúsculas (250)**

Exercicios 2 e 3 da páxina 251

5. Literatura:

- **Rexurdimento (164/118)**

5.a. Que é o Rexurdimento? Que datas se toman como principio e fin desta etapa? Por que é así?

5.b. Que son o Provincialismo e o Rexionalismo?

5.c. Existen unhas normas recoñecidas para o uso do galego neste momento? Que modelo usan os escritores do Rexurdimento?

5.d. Como é a distribución de usos do galego e do castelán no século XIX?

5.e. Cales son os dous maiores problemas de Galiza no século XIX?

5.f. Que consecuencias tiveron?

5.g. Cales son as principais actividades económicas da poboación?

- **Rosalía de Castro (120)**

5.1.1. Que feitos che parecen máis destacábeis na vida de Rosalía?

5.1.2. Por que se dá tanto mérito a que Rosalía escriba en galego na sociedade decimonónica?

5.1.3. En que tipos de literatura se inspira? Que toma de cada unha delas?

5.1.4. Como se estrutura o libro *Cantares Gallegos*? Que temas trata Rosalía neste libro? Con que estilo?

5.1.5. E *Follas Novas*? Ten o mesmo tipo de organización e temática? (Xustifica a resposta)

- **Manuel Curros Enríquez (148)**

5.2.1. Que feitos che parecen máis destacábeis na vida de Manuel Curros Enríquez?

5.2.2. Que temas trata o libro *Aires da miña terra*?

5.2.3. Que conta *O Divino sainete*? Que intención ten?

- **Eduardo Pondal (176)**

5.3.1. Que feitos che parecen máis destacábeis na vida de Eduardo Pondal?

5.3.2. Cales son as súas obras principais?

5.3.3. Que elementos temáticos destacan en *Queixumes dos pinos*?

5.3.4. Que conta *Os Eoas*?

5.3.5. Que características lingüísticas e estilísticas atopamos na obra de Pondal?